

## Breve resumo da plataforma

### **Vixencia:**

2019, 2020 e 2021.

### **Incremento salarial:**

IPC Real + 2% para cada ano da vixencia do Convenio.

Incremento do Plus de Tóxicos actual en 60 euros mes cada ano de vixencia, para chegar a 250 euros mes en 2021.

Igual que no punto anterior, se comparamos estas contías coas que se están a aboar nas plantas de Albada e Sogama, tamén podemos ver a gran merma de ingresos que estamos a ter os traballadores e traballadoras da planta de de Fomento de Construcciones e Contratas, S.A. da Mancomunidade de Municipios da Serra do Barbanza. A modo de dato singular, podemos falar que mentres en Sogama se abona un 30% do Salario Base, en Albada un 25% sobre do Salario Base, en Lousame se está aboando como Plus de Tóxicos un 5,5% do Salario Base (que ademais de ser inferior comparativamente as contías aboadas en Sogama e Lousame, tamén incumpre o contido do artigo 34 do Convenio Marco do Sector de Saneamento Público, Limpeza Viaria, Riscos, Recollida, Tratamento e Eliminación de Residuos, Limpeza e Conservación de Sumidoiros).

### **Licenzas Retribuídas;**

Adaptación das Licenzas o recollido no Estatuto dos Traballadores, Incluír os netos/as nos permisos retribuídos por familiares hasta o 2º Grao.

Licenza polo tempo necesario para acompañar a familiares hasta o 2º Grao a Consultas Médicas.

O goce das Licenzas Retributivas comezarán o día seguinte laborable do feito causante. (Segundo Sentenza Xudicial TSJ)

**Días de Asuntos Propios;** ampliar de 1 a 3 días de asuntos propios retribuídos o ano.

**Cumprimento I.T.;** Ampliar a Cobertura do 100% en situación de I.T. derivada de Hospitalización ou Intervención Cirúrxica do cuarto mes aos doce meses. É dicir, ter un mellora na que se cobre o 100% do Salario durante os 12 meses seguintes o feito causante.

## **Saúde Laboral;**

Lavado por parte da empresa da roupa de traballo do persoal de recollida. Os traballadores/as de recollida comparten vestiarios, e ademais, tamén se moven dentro da planta cada vez que traen os camiós a baleirar.

Desenvolvemento do Artigo 30. Incapacidade Temporal. Coa finalidade de mellorar as condicións de traballo das/os nosas/os traballadoras/es a Dirección da Empresa porá en funcionamento un Programa de fisioterapia preventiva orientado á diminución do absentismo laboral mediante o análise e valoración dos postos de traballo. Dito programa comezará mediante a valoración inicial por liñas e postos de traballo, afín de avaliar os riscos de lesións músculo-esqueléticas e as necesidades de cada traballadora ou traballador.

Tódolos traballadores e traballadoras terán dereito a unha sesión semanal de fisioterapia de unha hora de duración. A avaliación deste programa será trimestral por parte do Comité de Riscos Laborais.

## **Outras características sobre o traballo ou funcionamento da planta de Lousame respecto as plantas de Albada e Lousame:**

- Lousame é a planta que máis lixo recicla, e sen emisión de gases.
- A selección manual é mellor que a mecanizada, máis selectiva, pero tamén é máis dura fisicamente.